

INSTRUCCIÓN REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN TEMPORAL DE POSTOS NOS MERCADOS MUNICIPAIS DA MAGDALENA E RECIMIL

1.- Coa finalidade de revitalizar a actividade comercial nos mercados municipais da Magdalena e Recimil, o Concello de Ferrol inicia un procedemento de autorización para a ocupación temporal dos postos dispoñibles.

2.- Os postos que serán obxecto de autorización serán os postos declarados desertos no procedemento de contratación AV16/32 -Concesión para a explotación de postos nos Mercados da Magdalena e Recimil.

3.- A partir do 1 de novembro os interesados poderán presentar a súa solicitude por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de novembro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- As solicitudes presentadas avaliaranse os días 15 de cada mes.

5.-As autorizacións outorgaranse directamente aos peticionarios que reunan os requisitos esixidos no Anexo I. No caso de concorrencia de varias solicitudes para un mesmo posto, a adxudicación realizarase por sorteo público.

6.- As autorizacións outorgaranse por un período de dous anos, prorrogables hasta un máximo de catro anos. Para prorrogar a autorización os interesados soamente deberán presentar o modelo de declaración responsable que o concello de Ferrol pon a disposición dos interesados na Sede Electrónica Municipal e nas Oficinas de Atención a Cidadanía.

7.- A listaxe de postos vacantes detallados no Anexo II, poderase incrementar con aqueles postos que vaian quedando vacantes e dispoñibles a partir do día 1 de novembro de 2020. Esta listaxe poderase consultar:

- Na web municipal (<https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios>)

- Nas Oficinas de Atención a Cidadanía

8.- O adxudicatario dun posto nun mercado, deberá abonar o canon anual (que será o establecido no prego de prescricións técnicas que regulou o procedemento en réxime de concesión dos postos nestes mercados) en concepto de Taxa por autorización de postos e prestación de servizo nos mercados municipais regulada na Ordenanza Fiscal núm. 22.

9.- Esta prohibida a transmisión da autorización dos postos adxudicados.

10.- Non poderán ser beneficiarios da adxudicación directa aqueles titulares que foran adxudicatarios de postos ou locais nos mercados municipais e se lles houbera retirado a concesión por expediente sancionador ou extinción.

11.- No non previsto nesta instrución estarase ao disposto no prego de cláusulas administrativas xerais que rexeu o procedemento de concesión dos postos nos mercados municipais da Magdalena e Recimil (AV16/32).

12.- As autorizacións extínguense polas seguintes causas:

a) Cando transcorra o período de vixencia destas.

b) A renuncia das persoas autorizadas.

- c) A falta de pagamento das taxas municipais de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas no período dun ano.
- d) Que a persoa autorizada fose sancionada, mediante resolución firme, por infracción grave en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.
- e) Perda das condicións esixidas aos titulares para a adxudicación das autorizacións.
- f) O incumprimento das obrigas esenciais dos autorizados.
- g) A non ocupación e explotación dos postos de venda permanecendo pechados durante sete días consecutivos ou quince días alternos durante o período de dous anos.
- h) Cando se outorguen concesións sobre os postos obxecto das autorizacións.
- i) Cando concorran as circunstancias que enumera a lexislación patrimonial da Administración pública.

13.- A extinción das autorizacións requirirá os seguintes trámites:

- a) A extinción das autorizacións por caducidade serán automáticas e non requiren ningún acordo ou declaración da Administración.
- b) A extinción das autorizacións por renuncia dos titulares só requiren acordo expreso do Concello.
- c) A extinción das autorizacións por calquera outra causa distinta das enumeradas nos dous apartados anteriores require unicamente o cumprimento dos seguintes requisitos:
 - Acordo de inicio do expediente de extinción.
 - Audiencia aos autorizados polo prazo de dez días.
 - Con carácter potestativo, informe da persoa encargada da administración do mercado.
 - Informe xurídico
 - Acordo expreso do órgano competente para a extinción das autorizacións.

14.- Os efectos da extinción das autorizacións axustarase ao seguinte:

- a) A extinción das autorizacións por caducidade ou por renuncia dos titulares non dará lugar a indemnización de danos e perdas.
- b) Cando as autorizacións se extingan por causa imputable aos autorizados, estes deberán indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados.
- c) Cando as autorizacións se extingan por causa imputable a Administración, determinará con carácter xeral o pagamento dos danos e perdas que por tal causa se irroguen aos autorizados.

15.- O Concello de Ferrol ostenta, entre outras as seguintes prerrogativas:

- a) Acordar e executar por si o lanzamento dos autorizados se non abandonan e deixan libres e baleiros a disposición do Concello os bens obxecto das autorizacións cando se extingan estas por calquera causa.
- b) Acordar a extinción das autorizacións por calquera causa e determinar os efectos destas.

c) Impoñer multas e cobralas por vía de prema.

d) As demais reconecidas polo ordenamento xurídico e polas condicións particulares das autorizacións.

16.- Establecese expresamente que por cada día que os autorizados se atrasen en abandonar e deixar libre e baleiro, en perfecto estado de conservación e uso, a disposición do Concello os postos obxecto das autorizacións, deberán aboar unha penalidade diaria de 100 euros, que se podera esixir por vía de prema, sen prexuízo da posibilidade que ten o Concello de proceder ao desafiuzamento dos ocupantes de conformidade coa lexislación de procedemento administrativo e patrimonial das administracións públicas.

ANEXO I.- Documentación

a) Ácreditacion de estar dado de alta no epígrafe correspondente e ao corrente no pago do IÁE ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios, con caracter previo ao inicio da actividade.

No caso de non figurar dado de alta ou estar exento do IAE no momento da solicitude, deberá presentar unha declaración responsable na que se comprometa, no caso de resultar adxudicatario dun posto de mercado municipal, a darse de alta no epígrafe correspondente ou no censo de obrigados tributarios da AEAT aplicable nos supostos nos que as persoas interesadas en participar no dito procedemento non estén na actualidade exercendo ningunha actividade.

b) Ácreditacion de estar dado de alta no rexime da Seguridade Social que corresponda, e ao corrente no pago das cotizacións da mesma.

No caso de non figurar dado de alta no rexime da SS que corresponda, deberá presentar unha declaración responsable na que se comprometa, no caso de resultar adxudicatario dun posto de mercado municipal, a darse de alta no rexime correspondente da SS.

c) Ácreditacion de estar ao corrente das suas obrigas tributarias coa ÁEÁT

c) Ás persoas que vaian a manipular los alimentos deberan estar en posesion do certificado correspondente acreditativo da formacion como manipulador de alimentos.

d) Manter vixente unha poliza de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos que poidan ocasionarse no propio posto, en outros postos ou en calquera dos elementos comuns do mercado, así como aos usuarios, por accions ou omisions do propio concesionario ou das persoas que traballen pola sua conta.

No caso de non ter na actualidade contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil detallada, deberá presentar unha declaración responsable na que se comprometa, no caso de resultar adxudicatario dun posto de mercado municipal, a subscribir a póliza correspondente.

e) Os prestadores procedentes de terceiros países deberan acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na lexislacion vixente en materia de autorizacions ou permiso de residencia e traballo por conta propia segundo a normativa vixente, no caso de non gozar de nacionalidade española.

f) Declaracion responsable na que manifeste que:

- Ten concedidas as autorizacions ou licenzas esixidas pola normativa vixente para o exercicio da actividade


- Todos os demais esixidos legalmente para a actividade de que se trata.


ANEXO II.- Listaxe de postos vacantes

POSTOS - MERCADO A MAGDALENA	CANON (ANUAL)
9	809,88 €
13 (módulos 13-19)	1.929,96 €
16 (módulos 16-22)	1.997,04 €
40	757,32 €
43 (módulos 43-49)	1.926,60 €
69	810,12 €
71	723,24 €
75 (módulos 75-81-87)	2.855,40 €
93	940,32 €
POSTOS- MERCADO RECIMIL	CANON (ANUAL)
9	525,60 €
27	302,52 €
28	605,16 €
42	620,28 €
43	801,84 €
46	733,08 €
50	2.151,72 €
51	789,84 €
58	354,96 €
60	648,24 €
62	824,04 €



Mercado A Magdalena Concello Ferrol





SUPERFICIE POSTOS INTERIORES

Ocupado	171,8 m ²
Desocupado con titular	23,5 m ²
Desocupado	116,7 m ²
TOTAL	312,0 m²

SUPERFICIE POSTOS EXTERIORES

Ocupado	409,7 m ²
Desocupado con titular	48,5 m ²
Desocupado	89,8 m ²
TOTAL	548,0 m²